



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 27 de outubro de 2023**, adoptou o seguinte acordo:

3.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS ORIENTADAS Á MELLORA DAS INSTALACIONS DE CAMPOS DE FÚTBOL DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 22585/333.

Visto o informe xurídico de data 19/10/2023 e o informe de fiscalización do 20/10/2023, dáse conta do informe-proposta do 19/10/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o técnico de deportes e conformado polo concelleiro-delegado e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 22585/333 de proposta de resolución do procedemento relativo á convocatoria de subvencions orientadas á mellora das instalacións de campos de fútbol da cidade de Vigo, procédese a informar sobre a consideracións observadas pola intervención do Concello e á modificación da proposta que a continuación se detalla:

1. Corrixíuse o apartado 2 dos antecedentes da proposta, quedando o mesmo como se detalla a continuación:
 2. A base 14^a establece no seu apartado 2 que a Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencions á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada, previo informe da xefatura de Deportes.
2. Corrixíuse o apartado 4 dos antecedentes da proposta, quedando o mesmo como se detalla a continuación:
 4. Segundo a base 14^a (apdo. 1) a Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencions. A avaliación das solicitudes se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

Este informe proposta inclúe o informe da comisión avaliadora asinado ao pe deste escrito por todos os seus membros, conformado pola xefatura de Deportes e polo órgano instrutor do presente procedemento, que será o competente para elevar esta proposta de resolución á Xunta de Goberno Local ao abeiro do establecido na Resolución do Alcalde do 19 de xuño de 2023 (BOP núm. 124, do 28 de xuño de 2023) relativa á delegación de competencias.

Polo exposto, procede a modificación da proposta considerando e atendendo a observación detallada:

ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno local acordou aprobar, na sesión ordinaria do 08 de xuño de 2023, as bases reguladoras e os criterios de avaliación da convocatoria para as “subvencions orientadas á mellora das



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 15:46	Páxina 1 de 4
SUBVENCIONS	CSV: A5A65H-B1A134-8AC781-LLH318-1ED8WR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

instalacións de campos de fútbol da cidade de Vigo por un importe total de 50.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 3420.7800011.

2. A base 14ª establece no seu apartado 2 que a Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada, previo informe da xefatura de Deportes.

3. O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, foi de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. O anuncio do extracto da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial de Pontevedra (26/06/2023), polo que o prazo rematou con data 24/07/2023.

4. Segundo a base 14ª (apdo. 1) a Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das solicitudes se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

Este informe proposta inclúe o informe da comisión avaliadora asinado ao pe deste escrito por todos os seus membros, conformado pola xefatura de Deportes e polo órgano instrutor do presente procedemento, que será o competente para elevar esta proposta de resolución á Xunta de Goberno Local ao abeiro do establecido na Resolución do Alcalde do 19 de xuño de 2023 (BOP núm. 124, do 28 de xuño de 2023) relativa á delegación de competencias.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Con data 25 de setembro de 2023 reuniuse o órgano de avaliación (base 14ª), na Concellería de deportes, ás 09:00h.

Dita comisión quedou constituída coa asistencia do concelleiro delegado de Deportes, o xefe de servizo-director deportivo da Concellería de Deportes, e o técnico deportivo do servizo de Deportes, como secretario, tal e como establecen as bases reguladoras da presente convocatoria.

Esta comisión será a encargada da avaliación das solicitudes de subvención correspondentes á convocatoria de subvencións orientadas á mellora das instalacións de campos de fútbol da cidade de Vigo 2023.

Tamén será a competente para formular a proposta motivada de concesión das subvencións convocadas, á Xunta de Goberno Local, previa avaliación das solicitudes presentadas, tal e como establece a base 14ª das reguladoras desta convocatoria (BOP núm. 119, do 21 de xuño de 2023).

Segundo.- Dentro do prazo de presentación de solicitudes foron presentadas as seguintes solicitudes:

a) Con data 21/07/2023 e núm. de documento 230220091 presentou solicitude a entidade Fomento Centros de Enseñanza S.A (CIF. A28126597), xunto á que achega a seguinte documentación:

1. Anexo I.1.
2. Anexo I.2
3. Escritura de protocolarización de acordos sociais outorgada pola Sociedade denominada "Fomento de centros de Enseñanza S.A.
4. Inscripción no Rexistro Mercantil de Madrid.
5. DNI de María Mar Contreras Luzón.
6. Novación de contrato de arrendamiento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 15:46	Páxina 2 de 4
SUBVENCIONS	CSV: A5A65H-B1A134-8AC781-LLH318-1ED8WR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

7. CIF
8. Certificado de conta bancaria.
9. Acordo de fusión con Centros infantiles Kid's Garden.
10. Nota de inscrición no Rexistro Mercantil de Madrid 2021.
11. Certificado de ausencia de deudas coa Axencia Trib. De Galicia.
12. Certificado de ausencia de deudas coa Seguridade Social.
13. Certificado de ausencia de deudas coa AEAT.
14. Proxecto deportivo.
15. Orzamentos obra.

b) Con data 19/07/2023 e núm. de documento 230218510 presentou solicitude a entidade Club Deportivo Valladares (CIF. G36629657) xunto á que achegou a seguinte documentación:

1. Anexo I.2.
2. Certificados de ausencia de débedas coa AEAT, S.Social e ATRIGA.
3. Certificado de conta bancaria.
4. Certificado de propiedade da instalación.
5. Certificado de licencias.
6. CIF
7. DNI representante legal.
8. Certificado de composición de xunta directiva.
9. Certificado de ausencia de débedas co Concello.
10. Memoria valorada.
11. Proxecto deportivo.
12. Rexistro de instalacións de Galicia.
13. Solicitude de renuncia a continuar no procedemento (Doc. 230295214).

Terceiro.- Analizadas as solicitudes e documentación presentadas o órgano instrutor advirte que:

a) A entidade a entidade Fomento Centros de Enseñanza S.A (CIF. A28126597), incumpre un dos requisitos establecidos na base 5ª (requisitos para ser beneficiaria) das reguladoras da presente subvención, xa que segundo o documento presentado pola propia entidade consistente no documento que acredita a inscrición da entidade no Rexistro Mercantil de Madrid (escritura notarial 2021/2156) queda acreditado que é unha entidade con ánimo de lucro.

A base quinta literalmente dí (BOP núm 119, do 21 de xuño de 2023):

“(…) 2. Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:

(…) - Entidades con ánimo de lucro”

b) O Club Deportivo Valladares (CIF. G36629657) o día 18-09-2023 presentou polo rexistro electrónico do Concello de Vigo (doc. 230295214) a renuncia expresa á solicitude presentada, asinada polo representante da entidade, Teodoro Davila, o 18-09-2023.

Cuarto.- A base 5ª establece expresamente que estarán excluídas desta convocatoria e polo tanto non poderán ser beneficiarias, as entidades con ánimo de lucro. A entidade Fomento Centros de Enseñanza S.A (CIF. A28126597) é unha entidade con ánimo de lucro, polo tanto, a súa solicitude non pode ser admitida na presente convocatoria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 15:46	Páxina 3 de 4
SUBVENCIONS	CSV: A5A65H-B1A134-8AC781-LLH318-1ED8WR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Quinto.- Ao abeiro do establecido polo art. 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, o Concello aceptará de plano a renuncia e declarará concluído o procedemento salvo que, téndose persoado no mesmo terceiros interesados/as, insten a súa continuación no prazo de dez días dende que foron notificados/as.

En cumprimento do disposto na base 14ª das reguladoras desta convocatoria, este órgano colexiado de avaliación xunto ao órgano instrutor do presente procedemento propón por unanimidade:

- Inadmitir a solicitude de subvención presentada por Fomento Centros de Enseñanza S.A (NIF A28126597) por estar excluída deste convocatoria por ser unha entidade con ánimo de lucro, ao abeiro da base 5ª reguladora da convocatoria.
- Aceptar a renuncia presentada pola entidade deportiva CD Valladares (G36629657) e declarar concluído o procedemento de solicitude de subvención de dita entidade, ao abeiro do establecido polo art. 94 da LPAC.
- Declarar deserta a convocatoria de subvencións orientada á mellora das instalacións de campos de fútbol da cidade de Vigo para o ano 2023.
- Publicar o presente acordo consonte o establecido pola normativa vixente en materia de subvencións.
- Notificar o presente acordo a cantas persoas interesadas houbera no procedemento, ao abeiro dos arts 26 da LXS e 24 da LSG, con indicación de que o presente acordo esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses dende o seguinte ó da notificación, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e 8.1 e 46 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 15:46	Páxina 4 de 4
SUBVENCIONS	CSV: A5A65H-B1A134-8AC781-LLH318-1ED8WR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		